# *"Por la Religión y el Rey, morir es ley"* *Liberais e absolutistas na corporación municipal de Baiona, 1815-1836*

JUAN MIGUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

## O CORREXEMENTO REAL DE BAIONA NOS PRINCIPIOS DO SÉCULO XIX

Na Época Moderna case a totalidade de Galicia estaba baixo dominio señorial, ben eclesiástico (bispos, mosteiros), ben secular (nobreza), de xeito que en 1787 tan só o 10,7% da poboación e o 8,7% do territorio quedaban baixo a soberanía directa do monarca[1]. Entre estas illas de reguengo destacan cinco correxementos, un dos cales tiña por centro a vila de Baiona, praza de armas dotada dun recinto fortificado, Monterreal, que na súa época dourada considerárase "Chave do Reino".

O correxedor, figura central do goberno municipal[2], presidía a corporación. Coa reforma borbónica de 1783 –inspirada por Campomanes– buscábase un funcionario eficaz e honrado, instrumento dun modelo de estado centralizado. Designado polo Real Consello por tempo de seis anos, gozaba de amplas atribucións (xudiciais, policiais, etc), destacando na esfera do concello: o coidado das normas locais, a custodia de documentos, a fiscalización, a facenda, a tutela dos servizos e da beneficencia, a delegación en materia de abastos e prezos, e tamén xira visitas ao distrito. Baiona vai ser desde 1762[3] un dos correxementos borbónicos que pasarán a ser administrados por homes de armas, ao quedar unidos e incorporados os gobernos civil e militar; os dous primeiros eran mandos de infantaría, pero axiña lles sucederán oficiais da armada con grao de tenente ou capitán.

Segundo o catastro do marqués de La Ensenada (1753)[4], había en Baiona seis rexedores ou concelleiros –quizás omita algún que estivese vacante–, que constituían o cerne do goberno municipal; un levaba adxunto o cargo honorífico de *alférez mayor* –desde 1566– e outro o de *alguacil mayor*. Moitas, senón todas, destas concellerías foran mercadas a El-Rei en épocas de apuros financeiros da monarquía (venalidade), en calidade de *perpetuos por juro de heredad*, e polo mesmo eran hereditarias (patrimonialización), indo anexo polo xeral a un morgado; cando non se podía ou quería exercelas sempre quedaba o recurso de alugalas (as fillas de don Juan Maestresala a don Tomás Sotelo en 1779); mesmo así, o título tiña que ser dispensado polo monarca. Tanto a comezos como a mediados do século XVIII estaban monopolizadas socialmente pola fidalguía

con morgados na vila ou no rural inmediato[5]. O absentismo, xeralizado en toda España, acadaba cotas alarmantes: raramente asistían aos cabidos máis de dous rexedores; na Residencia –mecanismo de fiscalización dos cargos e empregados públicos– de 1760 suspéndese a tres deles (un xa morrera) por continuas ausencias inxustificadas, nomeando substitutos, pero catro anos despois indicábase que os dous únicos en activo *no desempeñan el cargo como sería de desear por su avanzada edad y enfermedades*[6]. En resumo, dominio dunha elitista minoría, pero ao tempo desinterese pola xestión de goberno.

A veciñanza escollía cada primeiro de ano, en asemblea aberta e por pluralidade de votos, un Procurador Xeral do *Estado* da Terra e outro do Gremio da Mar, que tiñan por cometido representar os intereses do pobo dentro da corporación, aínda que na práctica adoitaban facer causa común cos todopoderosos rexedores. Como consecuencia das reformas municipais de Carlos III (1766)[7] serán substituídos por un Síndico Personero del Común e dous Diputados de Abastos –renovábase un deles–, seleccionados de xeito indirecto por comisarios electores. En Baiona a elección quedaba en mans dun "colexio" de 24 vocais; non sempre eran ben aceptados polos concelleiros, que en certo modo os consideraban intrusos, como aconteceu no ano 1779.

O termo propiamente dito abarcaba a vila e as parroquias raianas de Baíña e Baredo. O correxedor era xuíz no Miñor, que comprendía case todo o val, pero tiña concello propio.

Esta estrutura orgánica do poder municipal era a vixente nos albores do século XIX.

Coa nova do levantamento contra os franceses de Napoleón, créase na vila unha Xunta de Defensa presidida polo correxedor, da que forman parte sinalados persoeiros da bisbarra; o "pobo" pídelle que destitúa ao "Caudillo" –das milicias populares– don José Manuel Martínez (coronel retirado) e ao "jefe de Trozo" –parroquia– D. Manuel de Cadaval, porque *los trataban con crueldad*. En febreiro de 1809 chegaron as tropas imperiais ao Miñor, esixindo vituallas –pan, carne e palla para os cabalos– e obrigando aos habitantes a recompoñer a verea que ía a Vigo; o día 12 ocupan o castelo de Monterreal, onde só había 52 soldados do Corpo de Inválidos. O racioneiro da colexiata D. Pedro Barreiro arenga desde o púlpito contra o invasor. Ao pouco chega o intrigante cabaleiro D. Joaquín Tenreiro, quen, asegurando que unha partida de militares portugueses mandados por Almeida que viñan con el eran a vangarda dun gran exército luso, consegue que varios centos de paisanos colaboren na reconquista da cidade olívica; destacaron na loita o Axudante Maior da praza D. Alejo Inda e o mariñeiro Manuel González (a) Carabel[8]. Nestes tempos de grande inestabilidade política manteranse nos seus postos as mesmas autoridades municipais.

En virtude do disposto na Constitución publicada en maio de 1812 polas Cortes reunidas en Cádiz (tít. VI, cap. I e II, art. 309-337), implántase un novo modelo municipal radicalmente distinto, baseado nos principios de uniformidade e representatividade, no que todos os cargos –variará o número– son elixidos por sufraxio universal masculino (*cabezas de familia*) en segundo grao, renovándose cada ano a metade dos membros da corporación e os alcaldes; asemade, desaparece a vella figura do correxedor[9].

Tras o seu retorno a España, o taimado Fernando VII dá un golpe de estado, decretando o 4 de maio de 1814 a abolición do conxunto da obra política gaditana e a restauración do absolutismo. Pola Real Cédula de 4 de xullo decláranse disoltos os *ayuntamientos constitucionales* e ordena o restablecemento, coas mesmas facultades, das autoridades anteriores á invasión napoleónica.

Durante o sexenio seguinte en Baiona recupera o cargo de correxedor o capitán graduado de navío don Domingo de Sorondo[10]. Un informe municipal de 1836, completado con outro de 1828, (ver cadro) indica que, seguindo co absentismo de épocas precedentes, só concorren tres concelleiros: D. Juan Antonio de la Fuente Patiño, señor da Casa de Vilares (Vilaza), D. José Cheillada e D. Manuel Antonio Bugallo, e pasado o "furacán" do Trienio Liberal os dous últimos.

| REXEDOR | REGALÍA | VECINDADE | EXERCICIO |
|---|---|---|---|
| D. José Cheillada Troncoso | *AlguacilMayor* | Baiona | De 1802 a 1832 |
| D. Manuel Antonio Bugallo | *Alférez Mayor* | Vilaza | De 1807 a 1832 |
| D. Juan A. de la Fuente Patiño | | Vilaza | De 1805 a 1819 |
| Coronel D. José Martínez | | Baíña | Merca a Blas Freire (Sotelo) |
| D. Vicente Vázquez | | A Ramallosa | Da muller. *Muchos años* |
| D. Ignacio José Gómez | | Baiona | Nunca exerceu |
| Herdeiros dos Srs. Correa | | | Hai moito que non se exerce |

Bugallo era un burócrata con pretensións, pois en 1814, logo de trinta e dous anos de servizo, primeiro como Visitador de Rendas Reais en Santiago e despois como Administrador delas na Guarda, esperaba xubilarse, pero a fonda crise da Facenda Real obrigouno a mercar en puxa o emprego de Oficial 1° de Intervención de Rendas en Baiona, onde fora catro anos seguidos Deputado de Abastos, ata adquirir aos herdeiros de D. Tomás Sotelo o rexemento que este detentara; tiña unha doncela e dous criados en 1844. Cheillada parece descender dunha liñaxe fidalga que se remonta ao capitán de infantería e gobernador militar de Tui D. Francisco Cheillada, se ben estaba casado cunha filla de D. Nicolás Barroye, natural de Lille (Francia) –que herdou 18.000 reais–, sendo cuñado de D. Luis Barroye, Administrador de Correos do Reino[11]. Aínda que segue a recaer o control político local nunha minoría socialmente distinguida, vese que os tempos dourados das grandes casas señoriais miñoranas a estas alturas xa son historia.

Nos cargos electivos do común predominaban os burgueses (Ramón Fernández, Ramón Soto Domenech, Francisco Puga, etc) que mesturaban o comercio, sobre todo con Cádiz, co tráfico de calcetas ou co oficio de capitán de buque, xunto co fidalgo D. Julián Lorenzo Correa Salgado (señor da Casa da Robaleira en San Pedro da Ramallosa, da dos Salgado e da de Lorenzo Correa en Baiona), o avogado –con ampla experiencia– don Vicente A. Suárez de Puga, e o médico titular don Ramón Novoa; un grupo heteroxéneo que ten en común a solvencia económica e o prestixio social, e tamén o desexo de participar no pechado goberno municipal. Se Soto, Novoa –rexedor no Trienio e na segunda Restauración fernandina– e Suárez de Puga se tiñan por verdadeiros absolutistas, en 1819-20 xa se coaran tres liberais: José Manuel Cadaval, José David –quen reaparece en 1828– e González Parcero.

A PARÉNTESE DO TRIENIO LIBERAL (1820-1823)

En torno a Cádiz, e durante dous anos, fóronse concentrando tropas con destino a unha expedición contra os insurxentes das colonias americanas. A falta de recursos do estado inmobiliza este continxente, estendéndose o descontento, ao que se engade un andazo de peste. Un grupo de oficiais conspira, sendo descubertos, pero mesmo así o coronel Rafael del Riego pronúnciase en Cabezas de San Juan (Sevilla) o 1° de xaneiro de 1820 a prol do sistema constitucional gaditano. Tras algúns contratempos –incapacidade de tomar Cádiz, escaso entusiasmo popular– decide percorrer Andalucía tentando, sen éxito, propagar o alzamento; cando estaba a piques de exiliarse a Portugal, o 21 de febreiro levántase A Coruña, e ao pouco outras grandes cidades, co que o rei, a desgusto, vese obrigado a xurar a Constitución de 1812[12].

Despois da Coruña e O Ferrol, Vigo é a terceira cidade en sumarse á causa liberal.

Pero aquí é obra dos militares; en concreto, lidera o movemento o coronel do Regimiento de Castilla don Ramón Novoa, quen, upado ao cargo de Comandante de Armas Interino da Provincia de Tui, adícase a implantar o novo réxime en todo o seu distrito: a *levítica* Tui[13], Baiona, A Guarda... esixindo a xura da carta magna e a reposición dos concelleiros de 1814.

En Baiona, segundo unha acta secreta asinada o 29 de febreiro que agocharon durante todo o Trienio,[14] os corporativos absolutistas deixan patente o seu rexeitamento:

*En la mañana de este día se presentó en la casa consistorial el capitán comisionado con la mitad de la tropa y cadete de un comando, además de porción de los Inválidos, a quienes hizo coger las armas bajo el del teniente D. José Bermúdez, y colocados en forma de pabellón a la puerta de esta casa que hace de consistorio, dejando restante como guardia en la plaza de la villa y resintiendo en detenerse en aguardar a la llegada del regidor D. Juan Antonio de la Fuente se le manifestó la división de empleos que deliberaron, en que no asistió ni menos en el estampe de protesta alguna ni otra cosa alguna porque tratasen separarse del exacto y breve cumplimiento de su comisión. Y luego, habiéndosele propuesto que si era preciso se cediera a la fuerza (respecto la capital ciudad de Tuy según noticias protestó éste y le fue admitido) resolverían ordenar se entendiese acuerdo de obediencia en los términos que por aquélla se ejecutara, lo que así consintió, suscribieron y firmaron el que exigía con el indicado tenor. De finalizado preceptuó el capitán comisionado al Sor. Gobernador Corregidor Presidente, Regidores y Diputados y Síndico Procurador General presenciales le acompañasen, y primero publicara la Constitución haciéndole leer los capítulos de su ejemplar, y lo verificó de las primeras, así en la Plaza Fuerte como en las dos restantes de la villa, marchándose la tropa a golpe de caja. Ordenó más, que a la conclusión de las respectivas lecturas se dijesen en alta voz Viva la Nación, Viva la Constitución, Viva el Rey, con la graduación descrita, lo que rehusó hacer el Sor. Gobernador como también los más capitulares referidos a pesar de amonestarlos públicamente varias veces, propalando debían ser el ejemplar, y que también debía leerse toda la expresada Constitución, que no tuvo efecto sino en lo indicado. Por lo mismo tomando la voz dicho capitán prorrumpió dirigiéndose hacia la tropa y varias personas del pueblo que miraban la escena atraídos por el toque de cajas, con los vivas*

*enunciados, los cuales únicamente se repitieron por los soldados que existían con las armas presentadas, sin observarse prácticamente ninguno del pueblo circunstante que guardó silencio, demostrando en sus rostros el sumo sentimiento de disgusto y descontento que les causaba la agresión del atentado ollando la Real Persona que proponían y colocaban en tercer y último lugar. Hechas las tres lecturas se recogió la tropa bajo los soportales de la casa conocida por la del Deán de Santiago D. Policarpo de Mendoza, ahora difunto, partiendo los Inválidos y su teniente para la plaza que guarnecen. Y a cosa de la hora de las dos de la tarde de este día partió el capitán comisionado, cadete y soldados en número de unos veinte y siete para la villa de La Guardia, cuyo tránsito emprendieron dejando desalojado el pueblo*[15].

A este texto, confuso polo apresuramento, de finalidade autoxustificativa, cómpre quitarlle o que de esaxerado e partidista ten.

Entra de novo en vixencia a normativa gaditana de 1812 no ámbito do poder municipal. Aproveitando que a Constitución (art. 308) permitía crear un concello nos lugares que por si ou unido a outro pasasen de 1.000 *almas* (habitantes) –caso de moitas parroquias de Galicia–, desintégrase o antigo correxemento, xurdindo os novos concellos constitucionais da Ramallosa, Vilaza, Vincios, Morgadáns, Peitieiros, Belesar e Baíña[16], mentres que a bisbarra se integra no partido xudicial de Vigo, todo o cal non debeu agradar nin aos liberais nin aos absolutistas baioneses.

Unha R.C. de 1824 dispoñía que as subdelegacións de policía se incautasen da documentación municipal e política correspondente a este período, de xeito que apenas dispoñemos de información histórica.

Nas dúas únicas corporacións constitucionais coñecidas –e pouco máis– o importante cargo de alcalde recaerá sempre en sinalados liberais: D. Francisco Pérez Panteón, D. Manuel de Cadaval e D. José Manuel de Cadaval; estes, xunto co activo rexedor D. José Manuel Ramos, outro dos máis fervorosos defensores do novo réxime, están entre os burgueses máis ricos da localidade. Pola contra, entran por vez primeira (ignórase o que aconteceu na etapa gaditana) no concello xentes de extracción social media-baixa (o mesmo que acontece en Vigo), como José Barreiro de Lojo, pequeno comerciante e dono dun bote de pesca; Bernardo Acevedo e José Benito Rodríguez –reaparece en 1837–, de profesión descoñecida, non pertencían de seguro á elite da vila. Os absolutistas, aproveitando que rexía un sistema electoral, tamén estiveron representados, ocupando escanos Soto Domenech e Novoa.

Como agora non era preciso ser notario para exercer a secretaría do concello, substituíron os escribáns numerarios –desde esa acérrimos inimigos– por D. Santiago Fernández Filgueira, mestre de primeira instrución. Destacou como liberal progresista; loitou na Milicia Nacional, na que ascenderá ata acadar o grao de subinspector; tras voltar do exilio en 1830 establécese en Vigo, retornando a Baiona en 1841, da que será alcalde interino durante os pronunciamentos de 1843 e abril de 1846. A causa da súa militancia perdeu a praza de docente no absolutismo e baixo os gobernos isabelinos moderados[17].

En abril de 1820 restablécese a Milicia Nacional, unha forza armada de carácter político que tiña como misión soster o réxime constitucional, dotándoselle de regulamento definitivo en agosto dese ano; estivo moi vencellada ao concello, quen se encargaba da súa organización e armamento[18] (a Deputación deu 40 fusís). Unha das compañías de Baiona tomará parte en 1822 na defensa da cidade de Ponteve-

dra cando a facción realista de Cotobade tentou tomala ao asalto. Tamén participa no desesperado esforzo por frear ás tropas francoespañolas de Morillo en Pontesampaio e O Viso (xullo de 1823) que viñan reimplantar o absolutismo, saldándose con, como mínimo, 19 prisioneiros e 13 "dispersos".

Non faltaron enfrontamentos entre sectores políticos antagónicos durante este período. En 1820, despois da visita do bandoleiro Guillade, unha patrulla armada de liberais topa co piloto ou capitán de buque D. Bernardo Barreiro –cuñado de D. Vicente Leal–, quen despois de intercambiar palabras grosas golpea ao seu colega e comerciante D. Cayetano Vicente Soto, saíndo na súa defensa o resto, e ao parecer tentando D. José Ramos atravesalo cunha baioneta. Condenado Barreiro a seis días de cárcere, Soto apelará a sentencia. Ao ano seguinte quixeron apropiarse da cruz procesional do gremio de mariña a causa do *motín y pasquín sedicioso* que atribuían aos matriculados do mar, detendo e formando causa ao piloto e comerciante don Manuel de Soto Domenech e a varios pescadores da vila.

Algúns sectores toman as armas de inmediato contra do novo réxime. Axiña se alza o tenente coronel D. Manuel de Castro, autotitulado *barón de Sanchi Johanni*, vicepresidente da ultra "Junta Apostólica de Tuy" –logo axustizado–[19], e estando xa tocado de morte o goberno constitucional, un grupo de mozos (Eugenio Soto e o seu primo frei Agustín Leal, etc) levantan a paisanaxe e agóchanse nos montes de Baíña á espera de caer sobre a vila, pero, descubertos, retroceden cara ao Miño, uníndose á partida guerrilleira do mítico fidalgo de Reboreda don Ignacio Pereira[20], primo de Castro, quen o 30 de xullo en Morgadáns (Gondomar) bateu unha columna de infantería, facendo varios prisioneiros e feridos, entre eles un oficial.

## A "DÉCADA ABSOLUTISTA OU OMINOSA" E A FIN DO ANTIGO RÉXIME (1823-1833)

Fernando VII nunca tivo sincera intención de exercer como monarca constitucional, polo que desde o primeiro momento adicouse a entorpecer aos gobernos do estado, fomentar os alzamentos realistas e facer chamamentos ás potencias absolutistas europeas para que intervisen aducindo que estaba prisioneiro dos liberais. A Santa Alianza, un organismo creado no Congreso de Viena para combater a revolución, reunida no Congreso de Verona (1822), decide enviar a España un exército de franceses, os chamados "Cen Mil Fillos de San Luis", que sen atopar case resistencia militar restauran no trono absoluto a Fernando VII. En Galicia, o xefe do exército Pablo Morillo decide pactar cos invasores, co cal as cidades liberais irán caendo unha tras outra (Vigo capitula o 3 de agosto de 1823).

Co paso dos Pirineos polos franceses, e dado que Fernando VII estaba en mans dos liberais, fórmase unha Xunta de Goberno absolutista que se instala en Oyarzum, a cal o 9 de abril dispón de xeito interino que *inmediatamente cesen en el ejercicio de sus funciones los llamados Jefes Políticos, Alcaldes Constitucionales y Jueces de Primera Instancia*, sendo substituídos os alcaldes e rexedores por quen o eran o 1 de marzo de 1820, sempre e cando non tomaran parte nas corporacións do Trienio; estes, xunto co párroco, encargaríanse de cualificar aos demais. Morillo, no cuartel xeral de Lugo, lanza unha proclama nese senso, e logo o monarca concederalle á dita normativa a calidade de definitiva.

Desde Vigo o conde de Cartagena (Morillo) manda que se cumpra a devandita disposición. Así, o 6 de agosto a última corporación constitucional de Baiona entrega o poder aos munícipes absolutistas de 1820. Estes rexeitaron aos que lles correspondería ser de novo Síndico e Deputados (Cadaval, González Parcero e José David), *como sospechosos de la conducta moral y política observada en ellos y sus parientes hasta ahora*, e seguindo a letra da lei remontáronse aos seus predecesores ata dar con Suárez de Puga, Novoa e Soto Domenech, *verdaderos españoles adictos al Rey*, que toman posesión o día 9.

Aínda que os munícipes repostos acordaron *se forme y fije edicto, encargando al vecindario el sosiego y paz y tranquilidad pública con perdón de toda injuria y resentimiento y amonestándole a la fraternal unión que debe reinar entre buenos y honrados vecinos amantes del Rey*, deseguida adoptaron varias medidas para asegurar o réxime político e a orde pública. Tentaron que se renovase o *caudillato* –circunscrición paramilitar–, de xeito que *recaigan los principales empleos en personas que merezcan la confianza pública*, propondo para xefe o sarxento maior Juan Manuel Martínez, veciño do Burgo, e para mandos subalternos José Mª Salgado –fillo de D. Julián, ía para militar–, Eugenio de Soto –do escribán D. Narciso– e o burgués Manuel Trabazos, todos de Baiona; a pesar de ser desaprobada por Morillo, parece que se lle deron armas. Cursouse orde aos alcaldes liberais para que entregasen os libros de acordos e, antes de 24 horas, unha relación nominal de milicianos nacionais que dispoñían de armamento (en total 40 fusís e 4 paquetes de cartuchos), ao tempo que se intimaba no mesmo prazo a quen tivese armas, tanto de fogo como brancas, para depositalas na casa consistorial, castigando aos que as usasen sen permiso do concello con 10 dcs. de multa *y se les procesará como malos españoles*. Botan ao mestre da escola –o secretario Filgueira– e deciden cubrir a praza con persoa *apta e idónea que pueda inspirar ideas religiosas*. O día 13 os ánimos debían andar xa caldeados, pois observando reunións de día e de noite de varias persoas da vila, para precaver que non se alterase a tranquilidade pública, prohiben ditas xuntanzas e que de *noche se ocupe ni transite las calles sin legítima causa y con luz*; do contrario serían arrestadas e procesadas por sospeitosas[21].

O desmantelamento do sistema liberal tamén en Baiona supuxo a eliminación de símbolos, picándose os rótulos constitucionais que había na praza, rúas, fontes e no "rollo" –emblema xurisdicional–, xa tapados con cal, e ademais pasan aviso a Cadaval para que borre o nome "Constitución" pintado na proa da súa embarcación.

Unha vez expulsadas as últimas forzas liberais de Galicia, retornan os mozos que pelexaron na *gavilla* de Pereira. Deberon vir co ánimo exaltado porque D. Manuel de Castro, condenado a morte no xulgado de Vigo e confirmada a sentenza en apelación pola Audiencia de Galicia, fora executado na Coruña o 1º de xaneiro. Un grupo de nove sinalados liberais e ex-milicianos nacionais denuncian ante o concello o clima de tensión e ameaza que se vive, xa que os guerrilleiros *entraron en la villa dando vivas y mueras*, tendo que ser refreados polo comandante Carreño, recollíanse ata as dúas da madrugada na casa dun escribán (Vicente Leal), insultan aos demais veciños e usan *cinta blanca en el centro y encarnada en los extremos alusiva a los dos puntos de Religión y del Rey que escribe el emblema*[22]. O conde de Cartagena, home moderado no fondo, recoñecendo que as fitas eran motivo de discordia, prohibe o seu uso, con grande indignación tanto por parte dos munícipes

–xa moi molestos por non permitir a entrega de armas– como polos mozos realistas José Mª Salgado, Eugenio de Soto, Miguel Mein, frei Agustín Leal e o avogado Juan Manuel Martínez, membros de familias moi coñecidas da localidade (burócratas e un fidalgo).

Os liberais de Baiona parece que tampouco quedaron de brazos cruzados. Eran acusados de andar armados con paus, ameazar á corporación e aos absolutistas, e mesmo de querer resucitar a Constitución, colocando a lápida conmemorativa no seu lugar. Así as cousas, salta a chispa e ambas faccións chocan violentamente o 29 de agosto, co resultado de varios feridos, un deles de gravidade. Ante esta situación de aberto enfrontamento entre "negros" e "serviles", o Comandante Xeneral de Armas da Provincia de Tui D. Manuel Moreda –outro moderado–, dispuxo que se desprazase á vila unha pequena tropa ao mando do tenente do Rgto. de Burgos D. Tirso González para reprimir calquera novo estoupido de violencia fratricida que alterase a orde pública, presentándose xa ao día seguinte.

E chega a hora de axustar vellas contas políticas e, se acaso, de tirar proveito da fidelidade á unión do Altar e o Trono. Xa o 9 de setembro, aproveitando a presenza militar, comeza a detención de persoeiros liberais, con D. José Manuel Ramos, que portaba un sabre (suponse que para autodefensa). Tamén pasaron á cadea municipal, arrestados por orde do correxedor por *delitos contra el actual orden y gobierno*, D. José Manuel de Cadaval, D. José Mª Gómez, D. Juan Antonio de Avalle, D. Juan Vidal (da Ramallosa) e Juan Manuel Pérez (de Panxón); o primeiro é desterrado a Santiago por orde do Capitán Xeneral do Reino ao ter pertencido á Milicia Nacional. Os corporativos lograron que o Comandante de Mariña do Tercio Naval destituíse no cargo de fiscal celador das devesas e plantíos reais a Ramos, por criticar a incuria municipal na materia. Pola contra, o escribán ultra Vicente Leal foi o candidato sinalado polo concello para facerse coa administración da lotería na vila (1826), mais non tivo sorte.

Durante ano e medio gobernou o concello de Baiona unha corporación que, depurada de liberais, pode cualificarse de monoliticamente absolutista, aínda que de tendencia máis ben moderada.

A Real Cédula de 17 de outubro de 1824 establece un novo sistema de elección dos cargos municipais[23], que se vai manter durante case toda a Década Absolutista. No outono a corporación saínte propón, por *pluralidad de votos*, tres candidatos para cada un dos cargos públicos, inclusive os que antigamente representaban ao común; estas candidaturas remitíanse á Real Audiencia –núcleo duro do absolutismo–, que unha vez tomados informes sobre as persoas da lista, procedía a escoller a quen ocuparían os cargos no nome do monarca. Mantense o recoñecemento dos oficios vencellados a certas familias ou alienadas á Coroa, sempre que os sirvan os donos ou "tenentes" por eles designados. Nunca un rei tivo tanto poder sobre o ámbito de poder municipal.

En Baiona continúan os dous rexedores perpetuos: Cheillada –o seu fillo Juan Rafael entra no concello en 1832– e Bugallo. Este é conminado a renunciar en 1828 por incompatibilidade co seu emprego na administración de facenda, baixo multa de 100 dcs., pero protesta a destitución e continúa ata a desaparición desa figura anacrónica en 1832. Así, a Audiencia de Galicia elexía dous concelleiros, os deputados e o síndico, que perden a función de representar ao "común" da veciñanza.

Neste período (1823/25-1832, coas lagoas documentais de 1827 e 1829) só os burgueses Soto Domenech e Martínez Trabazos e o licenciado en dereito Suárez de Puga estiveran na primeira etapa absolutista –este mesmo xa con anterioridade–, sendo tamén escasos os que repiten (Martínez Trabazos, Fernández Carreira, D. Bernardo Isla, D. Pedro Portela e D. José Sousa), e cando o fan é como máximo en tres mandatos, o que permite aseverar de que non existe unha ansia de monopolizar os cargos por parte dun determinado sector.

Desde o punto de vista da compoñente socioprofesional, coñécese a de dous terzos dos munícipes. As corporacións caracterízanse de novo pola heteroxeneidade. A burguesía, reducida numericamente e quizais con menor riqueza con respecto á década de 1810, segue a constituír un colectivo importante (Fernández Carrera, Martínez Trabazos, Páramos[24], Sousa, Misa), mais perde peso no conxunto; os avogados tampouco están representados na medida do seu prestixio (Súarez de Puga, J. A. Martínez e López Aguiar suman catro mandatos); a fidalguía queda na mínima expresión (Correa –que renuncia– e o militar D. José Mª Vázquez Quirós[25]); resta un grupo situado na mesocracia adicado aos servizos, ben médico-sanitarios (Novoa, o "cirurxián" Policarpo González, e o boticario Pedro Otero), ben administrativos (os escribáns Leal e Soto); entre os que non se lles coñece oficio ou ocupación non deben faltar rendistas (Pedro José Portela, do Burgo, patrón dunha capelanía) e os decimonónicos "propietarios", mestura de donos de terra e de especuladores do trato. En conclusión, cada vez ándase máis lonxe daqueles tempos de outrora en que a máis pura elite (a fidalguía e os seus asimilados) tiñan o control do goberno municipal.

Politicamente, agás Novoa –inclinado cara ao absolutismo–, ningún formara parte das corporacións coñecidas do Trienio Liberal; outros, moderados ou acomodaticios, reaparecerán na etapa isabelina (Domingo Álvarez, Pedro Portela, López Avalle). Pola contra, acceden algúns decididos partidarios da comuñón do Altar e o Trono, caso de Vicente Leal, ou do letrado Martínez e de Eugenio de Soto, quen pertencían ao grupo de "Jóvenes Realistas". En liñas xerais serán homes de querenza absolutista ou en todo caso os que buscan distinguirse socialmente –colaborando así na perpetuación do réxime– quen dominen o concello baionés nesta década autoritaria fernandina.

Á morte do veterano Sorondo, entra a ocupar o correxemento o tenente coronel Juan del Fierro (1830-33), a quen sucede o coronel Juan Vasadre (1835), aínda que este non chegará a exercer como alcalde-xuíz, quedando reducido a simple gobernador militar, malia que en 1834 o estado declarara inútil o forte de Monterreal e retirase a gornición, desaparecendo nesa data esta figura na administración local española. Nas interinidades faise cargo o avogado Francisco de Arines[26], seguramente na súa calidade de "Alcalde Maior" letrado (encargado da parte técnica xudicial), tal como sinalaba a normativa.

## A TRANSICIÓN CARA AO SISTEMA LIBERAL (1833-36)

Se desde o Trienio o liberalismo se escindira en moderado e exaltado (progresista), na "Década Ominosa" o bando absolutista foise dividindo en reformistas,

partidarios de cambios só administrativos, e realistas puros ou apostólicos (futuros carlistas), liderados polo infante Carlos María Isidro. O nacemento dunha herdeira –e a derogación da Lei Sálica (1830)– e o fracaso do golpe pacego de 1832 aboca aos intransixentes a unha solución militar. A raíña rexente María Cristina busca o apoio dos moderados: amnistía, mudanzas na cúpula do exército (Morillo retorna a Galicia), desarme dos Voluntarios Realistas..., desenvolvéndose unha curta etapa de transición cara ao liberalismo (1832-35)[27].

O Real Decreto de 2 de febreiro de 1832 modifica o sistema de elección municipal vixente, de xeito que nas propostas de ternas xunto cos concelleiros saíntes intervén igual número de veciños *mayores contribuyentes*. En 1834 a escolla recae nos Intendentes en funcións de subdelegados do recén creado Ministerio de Fomento, marxinándose así ás Reais Audiencias, controladas polos ultras.

En Baiona houbo primeiro sete comisarios electores asociados, pero en 1833 redúcense a cinco en consideración a que ese era o número de munícipes, eliminando o menor contribuínte e un ausente. Todos estaban domiciliados na vila, agás un no Burgo (Baíña), renovándose tres; acostumaban a presentarse como candidatos, sobre todo para o posto de rexedor primeiro. Hai cinco homes de negocios (Cadaval, Ramos, Fernández Carreira, González Parcero e Pedro Manuel López), un capitán e dono de goleta (Diego Rodríguez, xenro de Ramos), un farmaceútico (Pedro Fernández David), un rendista (Portela) e dous sen profesión coñecida.

O dominio das grandes e medianas fortunas derivadas do comercio e industria de salga é incuestionable, signo dos novos tempos que se aveciñan. Na ideoloxía política ou son liberais do Trienio (Cadaval, Ramos, González Parcero) ou moderados que tendo participado na última etapa absolutista se incorporarán na época isabelina (López Avalle, Portela), agás Fernández Carreira; catro non tiñan participado nunca na vida municipal. A procura dese pacto político a nivel de estado coa incorporación dos liberais non exaltados reflíctese tamén, a pequena escala, en Baiona.

En febreiro de 1833 o Real Acordo elixe o primeiro de cada terna, respectando así as preferencias dos patricios baioneses; non obstante ao ano seguinte o Intendente escolle tres que ían no segundo e terceiro posto de dúas ternas, e mesmo inclúe dous que non ían na lista, co que impón o seu criterio fronte ás candidaturas dos electores da capital do Miñor.

En contra do que acontece, sen ir máis lonxe, en Vigo, onde os liberais pasan a copar o consistorio, aquí en 1833 e 1834 a metade carece de experiencia previa no eido do goberno local ( Francisco David emparentaba co liberal Cayetano Soto), un viña do Trienio (Fernández Gundín), dous eran moderados (o alcalde López Aguiar e Domingo Álvarez), un exercera no absolutismo (Isla) e outro seguirá no réxime isabelino (Placido J. do Pazo); aínda non chegou a hora da reaparición dos grandes líderes liberais de 1820-23. Todos debían gozar dunha sólida posición económica ou do equivalente en prestixio, pois o esixía a normativa; só podemos concretar que o alcalde López Aguiar –tamén en 1840– era avogado, D. Francisco David capitán graduado, D. Juan Fontela farmacéutico e D. Fernando Prieto procurador de causas, así como que outros tres debían estar vencellados ao comercio máis ben de mediana categoría; non parece que predominasen as grandes fortunas.

O Estatuto Real de 1834, ultramoderado, daba gran importancia aos concellos no proceso de elección do estamento de procuradores do Reino, pero mantiña de

momento o vello modelo municipal. Haberá que esperar a que o goberno do conde de Toreno polo R. D. de 23 de xuño de 1835 *sobre arreglo provisional de los Ayuntamientos* implante unhas municipalidades baseadas no sufraxio indirecto de base censitaria –a décima parte dos *mayores contribuyentes*–, no que para ser elixible se requería saber ler e escribir; ao tempo liquida definitivamente as rexedurías alienadas e perpetuas[28].

En Baiona o goberno civil nomea en 1835 unha nova corporación –que continuará o ano seguinte– cos vellos parámetros orgánicos, agás a novidade do cargo de alcalde, formada por unha equilibrada mestura política, con líderes do Trienio (Cadaval –alcalde– e Ramos), concelleiros da derradeira etapa absolutista (Sousa, Portela) e dous edís de 1833 (Do Pazo e Sánchez), se ben Portela e Sánchez reaparecen nos comezos da época isabelina. Cabe falar de novo dunha combinación moderada que significa un paso máis cara á implantación do réxime liberal. Agora si que son os comerciantes quen se fan co poder local en Baiona.

A Constitución de 1837 nacida dos sucesos de La Granja e dos pronunciamentos de anos anteriores, froito dun pacto entre as faccións progresista e moderada do liberalismo, pecha esta etapa de transición e marca o arranque do sistema político liberal-burgués en España, que se irá consolidando durante as dúas rexencias e no reinado de Isabel II.

NOTAS

1 EIRAS ROEL, A. "El señorío gallego en cifras. Nómina y ranking de los señores jurisdiccionales". En, *Cuadernos de Estudios Gallegos, XXXVIII.* Santiago, 1989, pp. 117-118.

2 ALBI, F. *El corregidor en el municipio español bajo la monarquía absoluta.* Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local, 1943; GONZÁLEZ ALONSO, B., *El corregidor castellano (1348-1808).* Madrid, Instituto de Estudios Administrativos, 1970.

3 O erudito decimonónico F. AVILA Y LACUEVA dá por erro a data de 1770 (*Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado.* Tui, 1852 (ed. facs. 1995), t. II, p. 129).

4 ARQUIVO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA. Facenda: Catastro de Ensenada, Interrogatorio de Baiona, C. 557.

5 Todos os rexedores de 1702 constan no alistamento de nobres dese ano (RAMOS GONZÁLEZ, H. *Crónicas históricas de la villa de Bayona.* Madrid, 1925, pp. 156-159); no de 1762 aparecen D. José Mª Cadaval (da Casa de Cadaval, Nigrán), capitán e "caudillo" das milicias de medio Val Miñor, don Ventura Troncoso e D. Antonio de Castro (A.H. P. Libro de actas do concello de Tui de 1762, lib. 886, f.232).

6 GARCÍA GARCÍA, M., "Apuntes para el estudio de un concejo: los regidores de Baiona en la segunda mitad del siglo XVIII". En *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais, 10.* Pontevedra, Deputación Provincial, 1993, pp. 121-128.

7 GUILLAMÓN ÁLVAREZ, J. *Las reformas de la administración local bajo el reinado de Carlos III.* Madrid, I.E.A.L., 1980.

8 ESTRADA CATOYRA, F. *Reseña histórica de la Reconquista de Vigo (1909).* Vigo, Banco Industrial de Bilbao, 1978 (Santiago, 1909); RAMOS, H. "Bayona en la Reconquista de Vigo". En, *Faro de Vigo* de 2/08/1925.

9 Entre as moitas obras nas que se recolle o ordenamento constitucional gaditano: MONTERO, J. (Ed.) *Constituciones históricas.* Barcelona, Ariel, 1998, pp.66-67. A análise do poder local en: CASTRO, C. *La revolución liberal y los municipios españoles.* Madrid, Alianza Universidad, 1979.

10 Cabaleiro de S. Hermenexildo e laureado coa placa de Carlos III; consta como correxedor desde 1799, sucedendo quizais a D. Gregorio de Silva Pantoja (ARQUIVO MUNICIPAL DE VIGO. Relación de corregidores de Bayona (1553-1836), s.c.). Estaba casado con Dª Nicolasa Ugalde; o seu fillo José, tenente de navío, morrera despois de desposar a Dª Catalina de Lamas na Habana, tendo descendencia; a outra filla, Ana Francisca, padecía demencia (A.H.P., Protocolos Notariais: B.A. López (Gondomar), leg. 2450, 1828, ff. 8-9).

11 A.H.P., P.N: F.X. Mein, leg. 2537, 1815, f. 116 e 1816, ff. 22-23; V. Leal, leg. 2441, 1822, f. 26 e ss. O rexedor era parente de D. Gerónimo Bugallo Olivera, tesoureiro e factor da fábrica da Palloza da Coruña.

12 Máis detalles, o mesmo que para a invasión da Santa Alianza que pecha o período en: GIL NOVALES, A. *El Trienio Liberal*. Madrid, Siglo XXI, 1980; ARTOLA, M.-*La España de Fernando VII*. Madrid, Espasa Calpe, 1999.

13 URCULLU, J. *Relación histórica de los acontecimientos más principales ocurridos en La Coruña y en otros puntos de Galicia en febrero y marzo de este año, con el objeto de restablecer la Constitución política de la Monarquía española...* A Coruña, Impr. Iguereta, 1820, pp.34-36.

14 Gardárono *colocado en un plomo y en el agujero de una paerd por sobre una viga de una pieza baja de esta casa consistorial* (ARQUIVO MUNICIPAL DE BAIONA. Libro de actas municipais de 1823, Ca. 39, 8/08/1823).

Agradezo a Xosé Lois Vilar (IEM) e ao Concello de Baiona a colaboración na consulta dos fondos municipais.

15 A.M.B. Libro de actas municipais de 1823, leg. 39, 29/02/1820. Tratábase do capitán Javier Celeirán, do Regimiento de Castilla, que andando na persecución duns malfeitores, chegou de noite á vila.

16 FARIÑA JAMARDO, X. *Os Concellos galegos. I, Parte Xeral*. Pontevedra, Fundación "Barrié de la Maza", 1990, pp. 31-39.

17 O seu historial é impresionante: nado en 1792, moi novo, en 1808, tomou as armas contra os franceses, distinguíndose en varias accións (ponte do Santi Petri, Illa de León –en Cádiz, onde estaban as Cortes–, Pamplona). Alistouse na Milicia Nacional de Baiona en outubro de 1821, participando na batalla de Pontesampaio en calidade de 2° comandante. En 1823, de novo voluntario, entre outras misións, enfrontouse con 200 homes a Guillade en Tui e A Guarda (1836), defende Padrón etc. En Vigo foi secretario da Xunta Revolucionaria de setembro de 1843, e antes concelleiro en tres mandatos. Coñeceu o exilio, estivo preso e foi amnistiado, en 1832, 1845 e 1846 (ARQUIVO MUNICIPAL DE VIGO. Milicia Nacional (1809-1845), EJE 10, s.c.). Da súa etapa viguesa tamén: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M., "Gobierno Municipal y pronunciamientos progresistas en Vigo bajo el reinado de Isabel II". En, *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais, 14*. Pontevedra. Deputación, 1999, pp. 191-228.

18 PÉREZ GARZÓN, J.S. *La Milicia Nacional y revolución burguesa. El prototipo madrileño, 1808-1974*. Madrid, C.S.I.C., 1978.

19 BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo, Ed. Xerais, 1982, pp. 64-66 e 209.

Era señor da Casa de Castro (Camos), fundada por D. Gabriel de Castro y Oya cara a 1700; fillo de Jacinto de Castro, de Nigrán, e Francisca Rodríguez Avalle, de Areas; nacera en Fornelos da Riveira (Salvaterra) en 1823 e estaba casado con Dª María Manuela Correa (ESPINOSA RODRÍGUEZ, J. *Casas y cosas del Valle Miñor*. Santiago, Impr. Tipograf. de "El Eco Franciscano", 1938, p. 65).

De acordo co capitán D. Joaquín de Portugal concentrou os seus guerrilleiros na raia de Portugal, cos que tiña previsto entrar na cidade de Ourense, sorprendendo ás autoridades e gornición; pero nunha xuntanza preparatoria na casa do párroco de S. Pedro da Torre (Padrenda) foi capturado –din que o delataron– polas tropas do Regimiento de Ourense e do de Infantería de Burgos ás ordes do coronel D. Antonio M. Montenegro. O abade sufrirá un ano de cárcere e 23 meses de reclusión no convento de Herbón (ARQUIVO XERAL MILITAR DE SEGOVIA. Expediente de méritos e servizos de don Ignacio Manuel Pereira, Ref. 504, vv. ff. e sobre todo o f.. 47 vto.).

20 RAMOS GONZÁLEZ, H. Crónicas históricas... *opus cit.*, pp. 119-120.

21 A.M.B., Libro de actas municipais de 1823, leg. 38, de 6/08/23 a 13/08/1823.

22 Pola contra, os liberais mandaban desde o exilio británico panos bordados con símbolos revolucionarios nos que se lía: *Vivir libre o morir, Vivan los patriotas, Libertad o muerte*, así como outros con: *Viva la Constitución, Viva la República* e levaban os retratos de Riego, Mina, Quiroga e López Ballesteros.

23 MÁRQUEZ CRUZ, G. "El sistema político local en España: de las Cortes de Cádiz a la Restauración (1810-1923)". En, *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)* (A. ARTIGA REGO E OUTROS ed.). Santiago, Parlamento/Universidade, 1997, p. 52.

24 Formaba parte en Cádiz dunha sociedade mercantil denominada "Compañía de Viúda de Portela, Lagoa y Portela" (A.H.P., PN: F.X. Mein, leg. 2450, 1834, f. 62).

25 Fillo de D. José Vázquez, posuía un morgado e a fundación feita por D. Pedro Flórez Portela e Dª Ana Tovar, de quen era descendente. En 1829 ingresa no exército, pasando ao Regimiento de Monterrei, acantonado en Laza (Ourense), a onde se ausentaba periodicamente. En 1834 tiña o grao de tenente de capitán de infantería (A.H.P., PN: F.X. Mein, leg. 2539, 1828, f. 17 e ss. e leg. 2450, 1834, f. 102).

26 Viña da liñaxe da Casa de Pampillón (Vilaza), como herdeiro de Bernardo Arias e María A. Bugarín, neto do capitán Gonzalo Bugarín, e sucesor no morgado que fundara José de Arines, "capellán mayor" da capela de San Pedro na catedral de Toledo; tiña a cuarta parte do dereito de presentación (cos Salgado e Sequeiros) do curato de Riofrío (A.H.P., PN: V. Leal, leg. 2441, 1822, f. 47 e leg. 2442, 1825, f. 68).

27 BAHAMONDE, A. E MARTÍNEZ, J.A. *Historia de España. Siglo XIX*. Madrid, Cátedra, 1998, pp. 179-180.

28 MÁRQUEZ CRUZ, G., El sistema político local... *art. cit.*, pp. 57-59; MONTANOS FERRÍN, E. "Las etapas fundamentales de la administración estatal en el estado liberal". En *Iº Simposio de Historia da Administración Pública*. Santiago, Xunta de Galicia, 1983, pp. 181-182.